

Recibido por este servizo a través do Gabinete de Prensa da Consellería de Traballo e Benestar escrito de queixa en relación ao funcionamento do programa integrado concedido á entidade Asoc. Empresarios de Hostelería da Coruña, infórmase o seguinte:

-A Orde da Consellería de Traballo e Benestar de 12 de maio de 2011 reguladora das axudas e subvencións para o desenvolvemento de plans integrados para o emprego NON establece en ningún caso a posibilidade de cofinanciamento das devanditas axudas polo Fondo Social Europeo, e, evidentemente as resolucións de concesións das axudas tampouco o aluden. De feito, o faldón informativo estandarizado que aparece na parte inferior da folla remitida fai referencia unicamente á Xunta de Galicia e ao SPEG. Polo tanto, a colaboración do FSE foi un erro da comunicación feita e remitida pola entidade beneficiaria que xa foi posto en coñecemento desta para que o corrixa de xeito inmediato.

-Por outra banda a participación de medios externos no desenvolvemento dos programas integrados é algo permitido polo artigo 10 da orde de convocatoria, que permite a subcontratación destes medios nos termos establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, pero sempre que sexa a entidade beneficiaria a responsable última das accións desenvolvidas no programa.

Un saúdo e moitas grazas,

Servizo de Orientación Laboral

Programas Integrados

Teléfonos: 981 545 945, 881 999 629, 981 957 764

programas-integrados.traballo.santiago@xunta.es

<http://traballo.xunta.es/programas-integrados//>